



DATOS IDENTIFICATIVOS

Historia contemporánea de España

Materia	Historia contemporánea de España			
Código	002G251V01601			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Valín Fernández, Alberto Juan			
Profesorado	Valín Fernández, Alberto Juan			
Correo-e	avalin@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Historia contemporánea española.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
B3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
C12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
C13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
C16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
C19	Coñecemento da historia nacional propia
D4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
D9	Traballo en equipo en diversos contextos
D11	Capacidade de aprendizaxe autónoma

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica			C16 C19
Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comprada	A1		C16 C19
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado			C12
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna			C13
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica	A4	B3	D4 D9 D11

Contidos

Tema

1.- A Revolución burguesa: da quebra do Antigo Rexime á creación do Estado liberal.	1.1.- A periodización da historia contemporánea española. 1.2.-A Guerra da Independencia, As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812. 1.3.- Revolución e Reación. (A Spanish Revolution): Sexenio Negro, O Trienio e a Ominosa Década. 1.4.-A Era Isabelina: As desamortizacións. 1.5.-O Sexenio Revolucionario.
2.- O Estado liberal: caciquismo e precariedade democrática. Primeira Restauración, Dictadura de Primo e Segunda República.	2.1.- A Primeira Restauración Borbónica. 2.2.-A Dictadura de Primo. 2.3.-A Segunda República.
3.- Da Guerra Civil á Monarquía postfranquista de Juan Carlos I.	3.1.-A Guerra Civil e a Revolución Social. 3.2.-O Franquismo. 3.3.- A Segunda Restauración Borbónica

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	8	28	36
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	2	0	2
Eventos docentes y/o divulgativos	2	0	2
Actividades introductorias	1	0	1
Titoría en grupo	6	0	6
Seminario	5	22	27
Lección maxistral	22	0	22
Outras	0	0	0
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	45	48
Probas de resposta curta	1	5	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado sobre temas monográficos en estreita relación coa disciplina e que serán obrigadamente expostos coa data da súa exposición na aula e os fará o alumno como técnica didáctica individual da impartición pedagóxica da Historia Contemporánea de España.
Resolución de problemas e /ou exercicios de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de exercicios que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos, análise e interpretación de materiais gráficos e textuais e discusión crítica dos mesmos.
Eventos docentes y/o divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Actividades introductorias	Sesións orientadas a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses.
Titoría en grupo	Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo.
Seminario	Traballo de aula individual ou en grupos informais a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistras.
Lección maxistral	Explicación dos contidos máis relevantes da materia por parte do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá no seguimento individualizado das actividades orientadas á elaboración dos traballos prácticos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá no seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación de actividades, probas de avaliación e realización dos traballos en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Traballo tutelado	Presentación, pública defensa e entrega dun guión do exposto na data sinalada, do traballo individual obrigatorio. Valoraranse: o marco teórico, a estrutura e vertebración do traballo, as reflexións teóricas e críticas e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	10	A4 B3 D4 D9 D11
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna.	10	C13
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados e capacidade para fomentar o debate, a discusión e a participación. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	10	C12
Outras	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través das actividades e probas que conforman a programación da materia. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	10	A4 C12
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame por escrito, con preguntas de resposta longa e/ou temas para desenvolver. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia da Península Ibérica nunha perspectiva comparada	55	A1 C16 C19
Probas de resposta curta	Cuestións de resposta breve introducidas no exame escrito orientadas a determinar a adquisición dos conceptos básicos da materia polo alumnado. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de Península Ibérica	5	C19

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.). O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sánchez Jiménez, J., **La España contemporánea**, 1ª, Istmo, 1991

Bibliografía Complementaria

Palacio Atard, V., **La España del siglo XIX (1808-1898)**, 1ª, Espasa, 1978

Bahamonde, Á. y Otero, L. E., **Historia de España**, 2ª, Ediciones SM, 2009

Paredes, J., **La España contemporánea**, 3ª, Ariel, 1997

Artola, M., **La España de Fernando VII**, 1ª, Espasa, 1968

Artola, M., **La burguesía revolucionaria (1808-1874)**, 1ª, Alianza Editorial, 1973

Avilés Fernández, M., **Nueva Historia de España. Tomos IV y V**, 1ª, Edaf, 1975

Fernández Sebatián, J. y Fuentes, J. F. (dirs.), **Diccionario político-social del siglo XX español**, 1ª, Alianza Editorial, 2008

Tusell. J., **Manual de Historia de España. 6. Siglo XX**, 1ª, Historia 16, 1990

Tusell. J., **Historia de España en el siglo XX.**, 1ª, Taurus, 1998

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.
